



Grupo Parlamentario

## A Mesa da Cámara

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado 10 de Marzo nunha visita ao Concello de Boiro, o Director Xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta de Galicia anunciaba o compromiso do Goberno Autonómico a apoiar o proxecto ideado polo Goberno Municipal de dita localidade para habilitar locais de ensaio para grupos musicais.

Tendo en conta que na actualidade, as bandas musicais de Boiro teñen que alugar inmobles para poder ensaiar e que ademais teñen moitos problemas pola mala insonorización dos lugares onde ensaian, entendemos que é unha boa iniciativa a que tomou o Goberno Municipal de Boiro, e contemplamos con satisfacción o compromiso da Xunta.

Pasados case seis meses dende o compromiso anunciado polo Director Xeral, gustaríanos coñecer como se materializou dito acordo co Concello de Boiro.

Polo exposto anteriormente, o deputado asinante formula as seguintes preguntas:

1.- ¿En que datas os servizos técnicos da Dirección Xeral de Xuventude visitaron o lugar onde se pretende habilitar as salas de ensaio para os grupos musicais? ¿Que conclusión obtiveron?


2.- ¿Asinou a Dirección Xeral de Xuventude algún convenio co Concello de Boiro co obxecto de acondicionar as salas de ensaio e proceder a súa insonorización? ¿En que data, en caso de ter sido asinado?

3.- ¿É intención da Dirección Xeral de Xuventude habilitar máis locais para ensaio dos grupos musicais noutros concellos? E de ser afirmativa a resposta, ¿en cales?

Pazo do Parlamento, 4 de Setembro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**  
**José Manuel Lage Tuñas na data 04/09/2006 16:29:35**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----